PROGRAMA
XVI Mostra de Teatro Clásico
LUGO

Todas as obras desta sección serán no Auditorio Municipal. Gustavo Freire ás 20.30 horas

sección oficial

XOVES, 11 DE FEBREIRO
FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CLÁSICO DE MÉRIDA
Dirección: Pep Anton Gómez
Versión libre de Jordi Sánchez e Pep Anton Gómez
Soledad Mailot, Marta Fernández Muro, Eduardo Mayo, Antonio Pagudo, Pepón Nieto, Jordi Vidal, María Ordóñez, Alejo Sauras, Toni Sans.

EL EUNUCO
de Terencio

Imaxinate en Atenas. Un rapaz fogoso coas hormonas alborotadas. Namora dunha escrava. A escrava estao dunha cortesá. A cortesá ten un amante. O amante é o irmá máis vello do rapaz fogoso, que quere facer un agasallo. A cortesá. Por iso mércalle un eunuco. Pero ainda non llo deu. O rapaz decátase. Do do agasallo, do do eunuco. E, como acceder á casa da cortesá para poder namorar a súa amada está doada non é, depois suprantalo, remprazalo. Ao eunuco.

Duración: 1 hora, 40 minutos.

EL EUNUCO

MÉRCORES, 17 DE FEBREIRO
MORFEO TEATRO
Dirección: Francisco Negro
Francisco Negro, Mayte Bona, Felipe Santiago, Adolfo Pastor, Santiago Nogués, Mamen Godoy, Joan Llaneras (primeiro actor, no papel protagonista de Cervantes).

EL RETABLO DE LAS MARAVILLAS
de Cervantes

houbo unha vez un retablo máximo que mostraba o que non existía...

Esta adaptación recolle, ademais do *Retablo de las Maravillas*, unha coidada selección de fragmentos de diversas obras cervantinas que lle dan coherencia dramática ao conxunto da obra, como son *La elección de los alcaldes de Daganzo*, *El juez de los divorcios*, *El coloquio de los perros*, *Pedro de Urdemalas* e *Don Quijote de la Mancha*, ao igual que aforismos, cartas e singularidades poéticas do autor.

Nela destúlase o pensamento cervantino na súa dimensión máis humanista, resaltando con crueza desexos e baixezas da sociedade da súa época, en claro paralelismo coa nosa, e dentro dun xogo de ilusións teatrais que permite que o ácido discurso de Cervantes se exprese como metáfora dos nosos dias e sexa o reflexo das fortes contradicións da nosa identidade.

EL RETABLO DE LAS MARAVILLAS

XOVES, 25 DE FEBREIRO
LA MORGUE, GG DISTRIBUCIÓN ESCÉNICA, SAGA PRODUCCIONES, MARÍA DÍAZ
Versión e Dirección: Borja RodríguezDaniel Holguín, Sara Rivero, Fernando Huesca, Carlos Segui, Carles Cuevas, María Cobos, Cristina Arias, Francis Guerrero.

LA HERMOSA JARIFA
a partir da Historia del Abencerraje y de la Hermosa Jarifa de Antonio de Villegas, o Romancero Popular e outras fontes

No "tempo de fronteira" en España, o moro Abindarráez cruza Andalucía. Na súa viaxe é aprexiado e reducido polo cristián Narváez, alcalde de Antequera, e os seus homes. Cando o reducen, Abindarráez pide clemencia: a súa viaxe é por amor. Entón narra a historia dos Abencerrajes en Granada, expulsados do reino inxustamente por inxurias e mortos algúns na Matanza dos Abencerrajes, e a súa particular historia de amor coa filla do Alcalde de Coín desde a infancia. Narváez dálle un prazo de tres dias a Abinzarráez para viaxar e celebrar a súa voda con Jarifa. Pasado este tempo, deberá entregarse.

Abinzarráez, atendendo á súa palabra, en vez de escapar viaxa a Coín, casa con Jarifa e aos tres dias volven os amantes para entregarse. Jarifa fala con Narváez explicándolle a grandeza de Abindarráez. Atendendo o asombroso xesto de honradez do moro, o cristián ríndese aos seus pés e os dous fúndense nun abrazo que será xesto de humanidade, comprensión e entendemento entre os dous pobos.

Duración: 1 hora, 30 minutos.

LA HERMOSA JARIFA

O famoso *Retablo de las Maravillas* que escribiu Cervantes hai catro séculos, presenta unha divertida sátira sobre a hipocrisía da España da época.

Os mandatarios dun pobo, ante un Retablo baleiro mostrado por uns cómicos, e aparentemente máximo por non ensinar nada a sucios de sangue ou bastardos, simulan ver o que non ven para demostrar que son "xentes de ben nacer"; pero ao final do engano xorde unha aparición real que a todos desconcerta: un Cervantes furibundo, espada en man, reclama o seu dereito a ser escoitado e para advertirles de que maneira deben comportarse para ser persoas virtuosas e cabais.

Duración: 1 hora, 30 minutos

SÁBADO, 27 DE FEBREIRO
TEATRO DE LA CIUDAD S.L.
Dirección: Andrés Lima
Aitana Sánchez-Gijón, Andrés Lima, Laura Galán, Joana Gomilla.

MEDEA
adaptación da obra de Séneca

Notas do director
"Por qué temo que morra o que apenas hai un momento que vin? Cal é a razón de tan gran temor? Expulsa, se queres, desgraciada, do teu corazón de doncela as chamas que alí se fixeron donas. Se fora quen, estaría máis no meu san xulzo; pero arrástrame contra a miña vontade unha nova forza, e o meu desexo aconséllame unha cousa, a miña mente outra: vexo o mellor e estou de acordo con iso, sigo o peor!"
Ovidio, Metamorfose Libro VII. *Medea e Jasón*.

"Ainda non sabes o que é chorar, espera a que sexas vello."
Eurípides, *Medeo*.
"Non hai maior dor ca o amor".
Di Medea, di Séneca. Se esto é así... qué facer? Acaso non sentimos isto alguntha vez? Medea é atrevemento, Medea mete a man enteira nas nosas feridas e enfróntanos aos nosos terrores ou, mellor dito, ás nosas dores ou, mellor dito, se a dor é signo de vida, á nosa vida. Por iso me dá medo Medea e sen embargo non podo deixar de mirar.
Andrés Lima

* Esta versión de Medea baséase libremente no texto de Séneca e adicionalmente empregáronse moitas fontes que tratan o mito de Medea: Eurípides, Jean Anhouil, Heiner Müller, Ovidio, Hesiodo, Caetano Veloso, Bernardo Souvirón, Robert Graves, Emilio Sierra, Simón Díaz.

Duración: 1 hora, 15 minutos.

MEDEA

XOVES, 3 DE MARZO
ESTIVAL PRODUCCIONES
Dirección: Pedro Viltora
Lidia Navarro, Ainhoa Amestoy.

SANCHICA, PRINCESA DE BARATARIA

Se no ano 2005 se conmemorou a publicación da primeira parte do recoñecido texto titulado Don Quijote de la Mancha, no ano 2015 poderemos festexar a aparición da súa segunda parte. Neste contexto, a produtora madrileña Estival Producciones propón unha particular revisión do mundo cervantino.

Dúas cómicas emprendedoras do século XXI son as voceiras desta peza, na que a filla de Sancho Panza perseguirá a Don Quijote a ao seu pai no periplo narrado por Cervantes. A rapaza Sanchica deixarase fascinar e aleccionar polas emocionantes, tenras e divertidas historias de Dorotea, Marcela, Dulcinea, Maritornes e as restantes mulleres que atopará na súa iniciática viaxe.

Duración: 1 hora, 20 minutos

SANCHICA, PRINCESA DE BARATARIA

XOVES, 10 DE MARZO
TEATRO CLÁSICO DE SEVILLA
Versión e dirección: Alfonso Zurro
Pablo Gómez Pando, Juan Motilla, Amparo Marín, Manuel Monteagudo, Rebeca Torres, Antonio Campos, José Luis Verguizas, José Luis Bustillo, Manuel Rodríguez.

HAMLET
de William Shakespeare

William Shakespeare é, quizais, o escultor de caracteres humanos máis destacado da literatura dramática mundial. Os protagonistas dos seus dramas e traxedias alcanzan dimensións humanas portentosas. "Hamlet, Prince of Denmark" é o paradigma das obras de protagonismo avasalador, ata o punto que a creatividade da súa complexidade psicolóxica só se ve comparable á doutro príncipe, o Sexismundo calderoniano, pois o bardo inglés acertou ao escribir a traxedia dun home-símbolo, unha criatura de ficción, atormentada polos fantasmas dubitativos tan impresionante que parece exceder á do seu creador. Pero un home-símbolo, pois os demais personaxes forman coro.

Nesta versión destaca a impresionante escenografía, tan bela coma funcional, o tempo brioso, o ritmo adecuado a cada situación e o dominio do movemento de masas. Alfonso Zurro deixa a súa impronta tamén nos efectos visuais no manexo de luces ou no xogo de espellos, unidos aos efectos sonoros tan precisos para potenciar a tensión dramática.

Duración: 2 horas, 20 minutos con descanso.

HAMLET

SÁBADO, 12 DE MARZO
PRODUCCIONES EL BRUJO S.L.
Dirección: Rafael Álvarez

TERESA O EL SOL POR DENTRO

(...) Santa Teresa fala do seu pai, o home chamariamos "tendencia neurótica que busca a toda costa a seguridade", que sacrifica o ideal cabaleiresco e o sabor da aventura pola "compulsiva necesidade" de encaixar calquera emergencia nun sistema lóxico onde a experiencia poida ser reelaborada, e en definitiva manipulada.

Eu recoñezo esta obstrución da espontaneidade vital coma un síntoma claro da patoloxía do medo. Pero ¿existe o medo á plenitude? Como diría Hamlet: "... hai moitas cousas... moitas máis das que xamais nin por asomo, soñou nunca a nosa filosofía". Polo tanto, mente aberta, perspectiva infinita e valor fronte ás rarezas imprevisibles da filosofía. Ou sexa, cabaleiría andante, unha vez máis. Santa Teresa fala en "El Castillo interior" cunha linguaxe na que ainda resoan os ecos cabaleiresocs e o ideal poético da xesta, pero, cómo se podería falar hoxe, coa mesma claridade e contundencia, dun casteio interior?

(...) En fin, Santa Teresa fala da secreto vibrante da alma e a poesía nela é un florido estandarte.

O meu proxecto para este espectáculo, polo tanto, é un recital coas súas composicións poéticas máis significativas, sobre as notas sostidas dun só instrumento: un violín aberto ao oído cara ao son secreto escondido, ao asalto do casteio interior. O violín predispón e desbroza o camiño. A poesía fai o resto. Pero non só iso. Debería haber outra parte, ou contraparte, tomada da substancia da biografía pero pasada polo tamiz da xografía: os episodios escollidos da biografía teatralizados e intercalados cos poemas. Para lograr o equilibrio entre estas dúas forzas contamos coa inestimable axuda do Espírito Santo. É dicir, o humor, que como corrente eléctrica vivífica, despoxa, limpa e posto no seu sitio, conduce cara a outros propósitos.
- Apunte do Director -

Duración: 1 hora, 40 minutos.

TERESA O EL SOL POR DENTRO

QUE SE VEXA! O GALEGO

Se queres estar informada/o todo o ano da actualidade Cultural e Turística séguenos nas redes sociais ou descarga a nosa app

@LugoTurismo
facebook.com/LugoTurismo

Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

sección off

Obras na rúa, espectáculos de pequeno formato, aforo reducido ou dirixido a público determinado (Ver localización e hora de cada obra)

SÁBADO, 13 DE FEBREIRO (A Mosqueira) 13.30 - 14.30 H.
MARTES, 16 DE FEBREIRO (Praza Maior) 20.00 - 21.00 H.
SÁBADO, 20 DE FEBREIRO (Recinto Histórico) 11.00 - 14.30 H.
XOVES, 18 DE FEBREIRO (Praza de Santa María) 18.30 H.
TALLER DE ARTE DRAMÁTICA
ESPAZO 10 E OS PALIMOQUINOS
Dirección: Paloma Lugilde

FRAGMENTOS DE LA VIDA ES SUEÑO

Que é a vida?
Un frenesí.
Que é a vida? Unha ilusión
unha sombra, unha ficción
e o maior ben é pequeno
que toda a vida é soño
e os soños, soños son.

FRAGMENTOS DE LA VIDA ES SUEÑO

SÁBADO, 13 DE FEBREIRO
18.30 H. PASE PARA PÚBLICO FAMILIAR (Aforo limitado a 250 persoas)
20.30 H. ADULTOS (Aforo limitado a 300 persoas)
LIMIAR TEATRO
Dirección: Nuria Gullón
Alonso Quijano: Fran Núñez.

DON QUIXOTE.
Unha comedia... gastronómica!

Este espectáculo mestura narración oral, manipulación de obxectos e cocifra en directo para dar lugar a unha gastronómica versión da obra de Miguel Cervantes.

Alonso, cocifeiro, comeza a preparar unha demostración culinaria sobre as bondades da dieta mediterránea. O prato escollido é o potaxe de vixilia. O mesmo que lle ofreceron a Don Quijote na súa primeira saída antes de ser armado cabaleiro andante! Alonso convertersae en Quijote mentres prepara este saboroso prazo. Un xogo teatral e gastronómico no que o humor e loucura de Don Quijote encarnaranse no corpo de Alonso dando lugar a un espectáculo áxil, saboroso e nutritivo. Alguén quedará sen garavanzos?

Duración: 55 minutos.

DON QUIXOTE

MARTES, 1 DE MARZO
100 % en inglés
12.00 H. PASE PARA ESCOLARES (Previamente concertado)
20.30 H. PÚBLICO XUVENIL E ADULTO
CUP OF THEATRE
Dirección: Rebecai Cobos
Kirsten Callaghan, Charlotte Peak, Lee White, Sean Cook.

ROYAL FLUSH
Shakespeare Vs Cervantes
Adaptacións da Feriña Domada e a Ilustre Fregona

Royal Flush aborda desde un ton cómico intelixentemente trazado por Miguel de Cervantes e William Shakespeare temas que son de extrema actualidade para os adolescentes españois. Así pois, enfermidades coma a anorexia, a bulimia, a vigorexia, a ortodexia... están aumentando de maneira alarmante entre os máis novos, sendo esta a terceira causa de enfermidade na adolescencia, por baixo da asma e a obesidade.

A nosa dramaturxia é unha contemporánea versión que integra *A Ilustre Fregona* de Miguel de Cervantes e a *Feriña Domada* de William Shakespeare nunha soa peza teatral, que posúe unidade dramática e que convida ao espectador a reflexionar sobre o avance e o estancamento da imaxe pública das mulleres.

Kate e Bianca son as dúas irmás da Feriña Domada e teñen unha personalidade oposta, os seus soños están enfrontados e teñen unha forma diferente de ver a vida. Pero ambas comparten o mesmo obxectivo: ter un futuro exitoso. Con este propósito, as irmás loitan polos seus desexos sen darse conta de que as decisións que van tomando non están encamiñadas a lograr os seus soños senón a compracer os dos seres que as rodean. A punto de tomar decisións que cambiarán a súa vida, reflexionan sobre o camiño que tomaron e e valorarán se alinda o poden modificar.

A Ilustre Fregona móstralles ás rapazas a carencia de disposición das mulleres do século XVII e analizan o que cambiarían elas desa novela para que se adaptase á muller do século XXI; sen embargo, as nosas rapazas protagonistas non son capaces de modificar o seu día a día e ven cómo as decisións que toman son semellantes ás que criticaban da obra cervantina.

ROYAL FLUSH

Duración: 1 hora, 10 minutos + 20 de coloquio co equipo

Nivel de inglés necesario: medio (Idades recomendadas: a partir de 10 anos)

BONOS E ENTRADAS

BONOS: 7 REPRESENTACIÓNS (Só sección oficial)
ZONA A: **45 €**
ZONA B: **35 €**

ENTRADAS:

- SECCIÓN OFICIAL
ZONA A: **10 €** ZONA B: **8 €**
* desconto do 20 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG.

- SECCIÓN OFF
As obras do programa OFF van ter un prezo único de 5 € e non entrarán nos bonos.

SISTEMAS DE VENDA

BONOS: Só a través do portal web entradaslugo.es **do 27 de xaneiro ao 11 de febreiro.**

ENTRADAS: A través do portal web entradaslugo.es desde o 11 de febreiro ata 3 horas antes do comezo de cada función; e no auditorio, os venres entre o 12 de febreiro e o 11 de marzo, das 18.00 ás 21.00 horas e o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

No Centro de Interpretación da Muralla, praza do Campo número 11, no seu horario de apertura habitual.

* As persoas que adquiran entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN. NIN CON COMIDA E BEBIDA.

PROHÍBESE A TOMA DE FOTOGRAFÍAS E GRAVACIÓN DO ESPECTÁCULO, TANTO NO QUE SE REFIRE A SON COMA A IMAXE. A EXCEPCIÓN DOS MEDIOS GRÁFICOS PREVIAMENTE AUTORIZADOS.

+info:
www.lugo.es
ou no teléfono do Concello **010**, **982 297 350** (dende fóra de Lugo

TEATRO CLÁSICO + PURO SABOR

Nesta edición da Mostra, por segundo ano consecutivo, distintos restaurantes da cidade participarán na proposta de creación dunha tapa inspirada nas obras teatrais.

Estas creacións poderán degustalas entre o 11 de febreiro e o 12 de marzo nos seguintes establecementos:
Arrocería Os Cachivaches
El Eunuco
Canela Bakery Coffee
El Retablo de las Maravillas
Mesón de Alberto
La hermosa Jarifa
Restaurante Antas de Ulla:
Medea
Restaurante Campos
Sanchica, princesa de Bataria
Restaurante La Encina
Hamlet
Restaurante Mangiarte
Teresa o el sol por dentro
Restaurante Manuel Manuel
La vida es sueño
Restaurante Paprica
Don Quixote. Unha comedia gastronómica...

O prezo da tapa é de 2 € (sen consumición; o público asistente poderá gozar delas de balde nos seguintes casos:

Bonos: os **50** primeiros vendidos a través do portal web e os **20** primeiros adquiridos no auditorio premiarense con vales para cambiar por 9 tapas que se consumirán nos establecementos indicados.

Entradas: as **50** primeiras vendidas a través do portal web e as **20** primeiras adquiridas no auditorio, para cada unha das funcións, premiaranse cun vale para cambiar por unha tapa.

Os bonos e as entradas vendidas a través do portal web que resulten premiados recibirán no correo electrónico un aviso que deberán presentar no auditorio para poder recoller os seus vales. Este troco realizarase sempre ao rematar a a función, para non entorpecer o discorrer do funcionamento da billeteira.

Auditorio Municipal Gustavo Freire
Do 11 febreiro ao 12 de marzo

LUGO 2016